

Á vista do escrito de dona María Dolores Pérez Meirás, Directora Comisaria do Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CIQUS) da Universidade de Santiago de Compostela, polo que manifesta a súa disposición a recibir alumnos/as para a realización de prácticas da titulación de Grao en Bioloxía impartido na Facultade de Bioloxía, matriculados na Universidade de Santiago de Compostela esta

REITORÍA

-Considerando que o Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CIQUS) arriba citado está integrado na Universidade de Santiago de Compostela.

-Considerando que é vontade da Universidade potenciar a realización de actividades de formación, especialización e prácticas no ámbito dos estudos da titulación de Grao en Bioloxía da Facultade de Bioloxía, coa finalidade de contribuír a unha mellor e máis completa formación e cualificación do estudiantado,

RESOLVE

Autorizar a realización dos prácticas do alumnado da titulación do Grao en Bioloxía nas instalacións do do Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CIQUS) que se realizarán conforme ao seguinte réxime:

Durante o período non lectivo, as prácticas que realicen os alumnos/as constarán de 30 horas semanais. Durante o período lectivo a dedicación máxima será de 15 horas, salvo casos excepcionais. Computarase un crédito ECTS por cada vinte e cinco horas de prácticas, e a súa duración é a que establece o plano de estudos.



Estas prácticas realizaranse no período que determine a Facultade de Bioloxía de acordo coa dirección do CIQUS nas instalacións do Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CIQUS) e concretaranse nas convocatorias que faga a USC.

- Ningún alumno/a terá a posibilidade de prorrogar ou repetir as prácticas realizadas ao abeiro deste convenio.
- Estas prácticas non comportarán compensación económica algunha, e terán relación coas liñas de investigación que se sigan no CIQUS.
- O feito de que o alumnado realice prácticas no do Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CIQUS) non suporá ningún tipo de relación laboral coa Universidade nin determinará a existencia de ningunha responsabilidade pola súa parte.
- Os alumnos/as que van realizar as prácticas serán seleccionados consonte unha convocatoria que respectará os principios de publicidade, igualdade, obxectividade e mérito.
- A Facultade de Bioloxía, nomeará a un titor/a, que realizará o seguimento das prácticas dos alumnos. Así mesmo, o do Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CIQUS) nomeará a un titor/a deste centro que supervisará as prácticas realizadas polo alumno.

- Ao remate de cada período de prácticas cada un dos alumnos/as deberá realizar unha memoria final sobre o traballo realizado.
- A avaliación das prácticas realizaraa a USC a través do titor/-a, á vista da devandita memoria e do informe do titor/-a de prácticas do do Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CIQUS)
- As prácticas soamente poderán ser avaliadas favorablemente se a ausencia do alumno/a non excede do 15% das horas programadas, ou o que determine a guía docente do programa de estudos.
Se a avaliación da memoria é positiva e o informe da actuación do alumno/a favorable, o responsable do do Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CIQUS) emitirá por cada un dos estudantes que participaran con regularidade nas prácticas unha certificación na que debe constar o tempo de colaboración e as actividades, traballos de investigación ou avaliación, etc. realizados.
A certificación deberá especificar que, para os efectos académicos, queda supeditada á avaliación que realice a USC das prácticas.
- Aqueles alumnos/as que teñan menos de vinte e oito anos seguen baixo a protección do seguro escolar. Non obstante, no caso de prácticas nas que conorra un risco excepcional, deberá contratarse un seguro de responsabilidade civil ou de accidentes

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2013

O REITOR



Juan José Casares Long

SRA. DECANA DA FACULTADE DE BIOLOXIA
D^a. MARIA DOLORES PEREZ MEIRAS- DIRECTORA COMISARIA DO CIQUS.
SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA
SRA. DIRECTORA DA OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA